

Marcador social de Chiron

Para recoller ligazóns (**só ligazóns**) a recursos interesantes relacionados coas clásicas, usamos o marcador social.

Para clasificalos e ordenalos, cada recurso está marcado con etiquetas (**tag**). Deste modo, un mesmo recurso pode atoparse por distintas vías.

Para buscar ligazóns

- Abrir <http://groups.diigo.com/chiron/bookmark>

The screenshot shows the 'Chiron Bookmarks' group page on Diigo. The page features a list of bookmarked items, each with a title, tags, and a description. Annotations with red arrows point to specific elements:

- Top right:** A red box contains the text "Busca por etiquetas, separadas por espazos" (Search by tags, separated by spaces), with an arrow pointing to the search filter input field.
- Left side:** A red box contains the text "As ligazóns coa súa descrición" (The links with their description), with an arrow pointing to the first bookmark entry.
- Right side:** A red box contains the text "Busca libre: aparecen as etiquetas pero tamén as relacionadas na descrición ou no título da ligazón." (Free search: tags appear but also related ones in the description or the link title), with an arrow pointing to the search input field.
- Bottom right:** A red box contains the text "Busca seleccionando algunha das etiquetas existentes" (Search by selecting one of the existing tags), with an arrow pointing to the 'Bookmark Tags' list.

The bookmarked items visible include:

- Historiae Romanorum by Doug Hutchison** (Tags: Roma, historia, mitología, mapas, nomina)
- Juxta | Bibliothèque de textes classiques grecs et latins** (Tags: textos, gregos, latinos)
- Gallica - Burnouf, Jean-Louis. Méthode pour étudier la langue...** (Tags: gramática, griega, online, francés)
- Latin** (Tags: latín, ejercicios)
- Le Grec, une langue Millénaire** (Tags: griego, lengua)
- VERSIONS LATINES** (Tags: latín, textos)
- VERSIONS GRECQUES** (Tags: griego, textos, textos, clásicos)
- Social Studies** (Tags: webquest, acti...)


Engadir ligazóns no marcador social de Chiron

No marcador social recompílanse ligazóns interesantes seleccionadas por docentes de clásicas. Para engadir unha nova ligazón, é necesario darse de alta en Diigo: <http://www.diigo.com>

Dámonos de alta picando en **Join Diigo** (menú superior)



Para **crear a conta** hai que completar todos os datos:

The image shows the 'Create your account' form on the Diigo website. The form has several fields: 'Choose a Username', 'First name', 'Last name', 'Email', 'Choose a Password', 'Retype Password', and a CAPTCHA. Red boxes and arrows point to each field with explanatory text. The 'Continue' button is at the bottom left.

Usuario, indentifícanos en Diigo. Unha palabra sen espazos nin tiles. Ten que empezar por letra, aínda que pode levar números despois.

Nome e apelido.

Correo electrónico.


Contrasinal, entre 6 e 32 caracteres, distingue entre maiúsculas e minúsculas. Non admite espazos nin tiles. Hai que escribila dúas veces.

Copia os caracteres que che aparezcan, non serán os que ves nesta imaxe, cada vez saen distintos.

Send me the occasional site update and tip. You can unsubscribe at any time.

Continue

Una vez completado, continuamos. Podemos dar algúns datos no perfil, subir unha imaxe, pero non é imprescindible.

The image shows the 'Avatar' section of the Diigo profile setup page. It includes a placeholder for an avatar, an 'Upload Image' button, and instructions: 'You can upload a .JPG or BMP file. (Max 2M). Do not upload a photo containing celebrities, nudity, or copyrighted image.' There are also links for 'Seleccionar archivo' and 'No se h. archive'.

Hai moitas outras opcións interesantes que podes investigar pola túa conta (enviar ao blog, importar favoritos doutras contas ou do teu navegador, etc).

Unha vez rexistrados, podemos unirnos ao grupo de Chiron. Dirixímonos ao seu enderezo: <http://groups.diigo.com/groups/chiron> Prememos en **Join Group**.



Cando navegando pola rede atopemos unha ligazón interesante para compartir con Chiron, simplemente hai que premer sobre o marcador do noso navegador e marcar a opción para envialo ao grupo.

